



O Hipersector TIC en Galicia

Edición 2016

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –
Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de
Galicia (OSIMGA)**



Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Santiago de Compostela
2016

Índice

Introdución	5
1. Demografía empresarial e Peso na economía galega	8
2. Emprego	19
3. Comercio exterior	24
4. Innovación tecnolóxica	30
5. Patentes e Marcas	43



INTRODUCCIÓN

Introdución

O Hipersector TIC está conformado polo “*conxunto de actividades de investigación, desenvolvemento, fabricación, integración, instalación, comercialización e mantemento de compoñentes, subconxuntos, produtos e sistemas físicos e lóxicos fundamentados na tecnoloxía electrónica así como a explotación de servizos baseados en ditas tecnoloxías, a produción e difusión de contidos soportados electronicamente e as aplicacións de Internet*” (Observatorio Industrial de Electrónica, Tecnologías de la información y Telecomunicaciones).

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través deste estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), proporciona, como continuación do realizado en 2015, unha información actualizada e definida do Hipersector TIC na Comunidade Galega.

Este informe está en consonancia coas directrices marcadas na Axenda Dixital de Galicia 2020, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, que xere redes de valor co resto de axentes, empresas tractoras e sectores económicos dando lugar á conformación dun ecosistema dixital galego activo.

Así, o Hipersector TIC en Galicia tende a converterse nunha peza clave no desenvolvemento económico debido ao seu grande potencial na creación de emprego e pola súa capacidade innovadora.

A aposta por este sector emerxente contribuirá a mellorar de xeito notable a situación xeral de Galicia, tanto a nivel económico, como a nivel de emprego, convertendo o Hipersector TIC nun motor do resto dos sectores estratéxicos de Galicia.

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades que compoñen o Sector das Tecnoloxías da Información (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar estas actividades considerouse como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE. Na seguinte táboa relaciónanse as actividades económicas, segundo a CNAE-09, que conforman o Hipersector TIC:

HIPERSECTOR TIC - RELACIÓN DE CNAES	
SECTOR TIC	
26.1	Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados
26.2	Fabricación de ordenadores e equipos periféricos
26.3	Fabricación de equipos de telecomunicacións
26.4	Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5	Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2	Edición de programas informáticos
61.1	Telecomunicacións por cable
61.2	Telecomunicacións sen fíos
61.3	Telecomunicacións por satélite
61.9	Outras actividades de telecomunicacións
62.0	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1	Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web
95.1	Reparación de ordenadores e equipos de comunicación
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	
581	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
591	Actividades cinematográficas, de video e de programas de televisión
592	Actividades de gravación de son e edición musical
601	Actividades de radiodifusión
602	Actividades de programación e emisión de televisión
639	Outros servizos de información



1. DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

Demografía empresarial


En Galicia existen un total de 3.320 empresas desenvolvendo actividades do Hipersector TIC, das que o 73,4% corresponden ao subsector TIC e un 26,6% ao subsector contidos.

O número de empresas do Hipersector TIC no seu conxunto experimenta un crecemento do 3,4% respecto do ano pasado. Destaca, especialmente, o subsector TIC que experimentou un importante incremento no último ano, do 4,5%, mentres que nas empresas do sector contidos o crecemento foi do 0,3%.

NÚMERO DE EMPRESAS

En Galicia existen **3.320**
empresas con actividade
no **Hipersector TIC**.

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2015



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2011 - 2015

Táboa 1. Empresas do sector TIC e Contidos en Galicia. Ano 2015 (Nº empresas)

SECTOR TIC	Nº EMPRESAS
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	15
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	41
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	18
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	4
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	396
58.2 Edición de programas informáticos	11
61.1 Telecomunicacións por cable	21
61.2 Telecomunicacións sen fíos	13
61.3 Telecomunicacións por satélite	2
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	129
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1486
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web	125
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	176
SUBTOTAL	2.437
SECTOR CONTIDOS E MEDIOS DE INFORMACIÓN	
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	389
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	340
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical	54
60.1 Actividades de radiodifusión	49
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión	29
63.9 Outros servizos de información	22
SUBTOTAL	883
TOTAL	3.320

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2015

ACTIVIDADE TIC

O 44,7% das empresas do Hipersector TIC adócanse á programación e consultaría.

As actividades de programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática (CNAE 62) son as que aportan un maior número de entidades ao subsector TIC (1.486), sendo tamén a actividade á que o subsector debe o seu crecemento en maior medida, xunto coa actividade CNAE 95.1. Pola súa banda, o maior volume de empresas do subsector Contidos apórtanno as adicadas á edicións de libros, xornais e outras actividades editoriais (CNAE 58.1), seguido polas actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión (CNAE 59.1). Entre ambas as dúas representan o 82,6% do total de empresas do subsector Contidos.


RELACIÓN GALICIA-ESPAÑA

Galicia ocupa a quinta posición no ranking estatal de empresas do Hipersector TIC.

En España adópanse a actividades do Hipersector TIC un total de 74.642 empresas, o 76,4% desenvolvendo actividades do subsector TIC.

A nosa Comunidade conta cunha importante representación no conxunto do Estado, ocupando a quinta posición en canto ao volume de empresas, e só superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Gráfico 2. Número de empresas do Hipersector TIC en España. Ano 2015.



Fonte: INE, Directorio de empresas, ano 2015.

PESO DO HIPERSECTOR TIC

O peso do Hipersector TIC galego no do conxunto do Estado é do **4,4%**.

As empresas galegas do Hipersector TIC supoñen o 4,4% do total do Hipersector TIC en España, experimentando un amplo crecemento no número de empresas tanto en Galicia como no conxunto de España.

Táboa 2. Evolución do número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2011-2015

Ano	2011	2012	2013	2014	2015
ESPAÑA					
TIC	48.931	50.476	51.450	53.505	57.074
CONTIDOS	18.697	18.350	17.814	17.425	17.568
HIPERSECTOR	67.628	68.826	69.264	70.930	74.642
GALICIA					
TIC	2.213	2.232	2.242	2.331	2.437
CONTIDOS	981	927	919	880	883
HIPERSECTOR	3.194	3.159	3.161	3211	3.320


Fonte: INE, IGE, Directorio de empresas 2011 - 2015

Tanto a nivel estatal, como en Galicia, o crecemento débese especialmente ás empresas do Subsector TIC, dado que as do Subsector Contidos inician un ritmo de crecemento máis pausado.

REPRESENTATIVIDADE

As empresas do Hipersector TIC galego representan o **1,3%** do total de empresas galegas.

Gráfico 3. Peso do Hipersector TIC no total de empresas en Galicia(%). Anos 2011 - 2015.



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2011 – 2015

NOTA: A partires do ano 2014 o IGE inclúe na cuantificación das empresas galegas ás do sector primario, o que eleva o número absoluto de empresas.

As empresas do Hipersector TIC supoñen un 1,3% do total de empresas galegas no ano 2015.

DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS


A Coruña e Pontevedra

aportan o **80,5%** das empresas galegas do **Hipersector TIC**.

A distribución de empresas nas provincias galegas é desigual. Mentres A Coruña e Pontevedra aglutinan o volume máis importante de empresas, cun 80,5% do total das do Hipersector TIC, Lugo e Ourense concentran o 6,9% e 7,0% respectivamente; o 5,6% restante corresponde a empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven actividade na nosa Comunidade.

Respecto a 2014 o número de empresas do Hipersector TIC medrou en todas as provincias galegas, reducíndose unicamente o número de empresas con sede fóra de Galicia.

Gráfico 4. Distribución das empresas do Hipersector TIC por provincias galegas. Anos 2014 e 2015.




Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2014 e 2015.

CONDICIÓN XURÍDICA


As sociedades son a forma xurídica prioritaria para o 70,6% das empresas do Hipersector TIC.

Gráfico 5. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia segundo a súa condición xurídica.



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2011 - 2015

Gráfico 6. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia segundo o número de asalariados/as. Ano 2015



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Ano 2015

TAMAÑO DAS EMPRESAS

As pequenas empresas (de 2 ou menos empregados/as); representan o 83,6% das empresas do Hipersector TIC.


EMPRENDEMENTO

No ano 2015 **naceron**
521 empresas no
Hipersector TIC galego.

Emprendemento TIC

O ano 2015 saldouse para o Hipersector TIC galego con un amplo crecemento: 122 empresas novas, marcando igualmente un máximo no número de altas de novas entidades.

Gráfico 7. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Hipersector TIC (2011-2015)




Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2011 - 2015

As baixas, aínda que tamén medraron respecto ao ano 2014, fixérono moderadamente.

EMPRENDEMENTO


O subsector TIC
ten un mellor
comportamento
demográfico coa
creación de 402
novas altas de
empresas, mentres
que o sector
Contidos se
recupera
lixieiramente.

Gráfico 8. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Sector TIC. (2011-2015)



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2011 - 2015

Gráfico 9. Evolución do nº de empresas en altas e baixas no Sector CONTIDOS (2011-2015)



Fonte: IGE, Directorio de empresas. Anos 2011 - 2015

VALOR ENGADIDO BRUTO


O Hipersector TIC **aporta o 2,2% do PIB** de Galicia.

Peso na economía galega

Na economía empresarial o valor engadido dunha empresa (VEB) é a macromagnitude económica que mide o valor engadido xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo. O VEB garda unha estreita relación co PIB, que se obtén logo de engadirlle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción.

Froito da conxuntura económica dos últimos anos, o VEB do Hipersector TIC ten descendido, pero o seu peso sobre o PIB galego mantense ao redor do 2,2%, porcentaxe que se distribúe entre o 1,8% que representa o sector TIC e o 0,4% do sector Contidos.

Gráfico 10. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2009-2014)



Fonte: IGE

(p) Datos provisionais.

O IGE cambiou a base contable para adaptarse á nova metodoloxía europea (Sistema Europeo de Contas SEC-2010), o que obrigou a refacer as estimacións tanto do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia como das ramas de actividade que o forman. Este é un procedemento habitual en cada cambio de base contable co que se pretende ofrecer unha imaxe fiel da economía e as súas compoñentes.



2. EMPREGO

EMPREGO

O emprego no Hipersector TIC medrou un 2,5% no último ano, empregando a 21.255 traballadores/as.


Emprego

Rompendo a tendencia observada nos últimos anos, o emprego no Hipersector TIC en Galicia experimenta un crecemento dende 2014, achegándose ata os 21.255 traballadores/as no ano 2016, a maior cifra dos 5 últimos anos.

O crecemento no emprego prodúcese tanto no subsector TIC (2,6%) como no de Contidos (2,2%)

O subsector TIC emprega ao 75,7% do total dos traballadores/as do Hipersector.

Gráfico 11. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2012-2016)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016.

MASCULINIZACIÓN

○ **65,1% dos traballadores/as do Hipersector TIC son homes.**

Gráfico 12. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2016.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016.

No subsector Contidos a fenda de xénero acórtase lixeiramente, xa que os homes representan o 58,7% dos traballadores/as; no subsector TIC a porcentaxe de homes sitúase no 67,1%.

FENDA DE XÉNERO

As maiores subidas na recuperación do emprego prodúcense entre os homes.

Gráfico 13. Evolución por xénero do emprego no Hipersector TIC (2012-2016).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016.


Atendendo ao réxime de cotización dos traballadores o 81,8% cotizan no Réxime Xeral e un 18,2% desenvolve o seu traballo baixo o Réxime Especial de Autónomos/as no ano 2016. Neste senso, redúcese a porcentaxe de traballadores que optan polo réxime de autónomos respecto do 2015 nun 3,7%.

A porcentaxe de autónomos/as no subsector TIC é maior (19,2%) que no subsector Contidos (14,8%).

RÉXIME


Un 81,8% dos
traballadores/as
do Hipersector TIC
pertencen ao
Régime Xeral

Gráfico 14. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2016



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016.

Gráfico 15. Evolución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2016.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2016.



3. COMERCIO EXTERIOR


O comercio exterior ¹

As exportacións de bens do hipersector TIC en Galicia achegáronse no ano 2015 aos 73 millóns de euros, fronte aos 57 millóns de euros do ano 2014. As importacións superaron os 102 millóns de euros, medrando 23,8 millóns de euros no ano 2015 respecto do ano 2014 .

BALANZA COMERCIAL

No ano 2015 o Hipersector TIC exportou bens por valor de 72,8 millóns de euros, un 26% máis que no ano 2014

Gráfico 16. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2015.



Fonte: IGE, ano 2015

Táboa 3. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2011-2015)

Ano	2011	2012	2013	2014	2015
BALANZA COMERCIAL (miles de euros)					
TIC	-17.645,60	38.539,60	-16.385,50	-21.080,00	-28.738,63
CONTIDOS	-219,7	84,9	22,2	419,2	-842,59
HIPERSECTOR	-17.865,20	38.624,50	-16.363,40	-20.660,80	-29.581,00

Fonte: IGE, ano 2015

¹ **Nota metodolóxica:** neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592

EXPORTACIÓNS

As exportacións da actividade de fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 26.3) representa o 60,6% do total das exportacións do Hipersector TIC galego no ano 2015.

Na tipoloxía de produtos exportados polas empresas do Hipersector TIC galego predomina a actividade de fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 26.3), acadando por si mesma máis da metade das exportacións totais do Hipersector TIC en Galicia.

Táboa 4. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2015.

EXPORTACIÓNS			
CNAE		VALORES 2015 (miles de euros)	Evolución 2014-2015
Sector TIC	2611	1319,6	-32,6%
	2612	2435,4	97,0%
	2620	7297,4	19,9%
	2630	44125,7	38,2%
	2640	15090,6	12,5%
	2680	42,3	162,8%
	5829	88,7	-0,8
Sector Contidos	5811	727,5	-23,1%
	5813	31,6	-0,4%
	5814	49,9	-73,2%
	5819	1055,2	-23,8%
	5915	164,2	926,0%
	5920	361,1	42,3%
Hipersector TIC		72.789,1	25,8%


Fonte: IGE, ano 2015

Resaltar o forte crecemento experimentado pola CNAE 5915, adicada á produción cinematográfica e de vídeo dentro do subsector Contidos, así como a da CNAE 2680 dentro do subsector TIC, adicada á fabricación de soportes magnéticos e ópticos.

EXPORTACIÓNS

As exportacións do Sector TIC supoñen o **94,1%** do total de exportacións do Hipersector.


Gráfico 17. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2015.



Fonte: IGE, ano 2015

O forte crecemento das exportacións do Hipersector (25,8%) débese ao Subsector TIC, que medrou un 28%, mentres que o Subsector Contidos mermou un 15%.

Gráfico 18. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2011 - 2015




Fonte: IGE, ano 2015

IMPORTACIÓNS

As importacións de produtos no Hipersector TIC medraron un 30,3% no período 2014-2015.

Gráfico 19. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2011 - 2015



Táboa 5. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2015.


IMPORTACIÓNS			
CNAE		VALORES 2015 (miles de euros)	Evolución 2014-2015
Sector TIC	2611	4.676,2	13,8%
	2612	427,4	21,1%
	2620	20.352,2	29,4%
	2630	45.139,4	22,8%
	2640	27.378,6	51,0%
	2680	790,9	13,6%
	5829	373,7	0,8%
Sector Contidos	5811	831,7	45,4%
	5814	46,6	258,2%
	5819	1.828,4	36,7%
	5915	61,9	-38,6%
	5920	463,4	23,0%
Hipersector TIC		102.370	30,3%

Fonte: IGE, ano 2015

IMPORTACIÓNS

A fabricación de equipos de telecomunicacións e de produtos electrónicos de consumo concentran o 70,8% das importacións do Hipersector TIC.

Gráfico 20. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2015.



Fonte: IGE, ano 2015

Respecto das importacións é tamén a fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 2630) a que rexistra un maior volume no caso das importacións, cun peso do 44% do total.



4. INNOVACIÓN TECNOLÓGICA

ACTIVIDADE INNOVADORA


O 26,7% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algunha actividade innovadora entre os anos **2013 e 2015**.

Innovación tecnolóxica

Neste capítulo analizarase a actividade innovadora, especificamente a innovación tecnolóxica, nas empresas de 10 ou máis empregados/as, empregando os datos das enquisas de innovación e I+D do INE.

Un total de 924 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron actividades innovadoras no ano 2015. No período de 2013 a 2015 foron un total de 2.006 as empresas que realizaron algunha actividade innovadora, o 26,7% do total de entidades de Galicia de 10 ou máis traballadores.

Gráfico 21. Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. Evolución 2011-2015.



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015

A nivel estatal **Galicia ocupa a sexta posición no ranking de empresas innovadoras no ano 2015.**

Gráfico 22. N° de empresas con actividades innovadoras en España. 2015





Gráfico 23. Porcentaxe de empresas innovadoras sobre o total de empresas en España. 2015




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015

TIPO DE INNOVACIÓN

A porcentaxe de empresas con innovacións tecnolóxicas en Galicia é similar á medida estatal.

Gráfico 24. Porcentaxe de empresas innovadoras segundo tipo de innovación no período 2013-2015. Comparativa Galicia – España.




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015

Respecto ao tipo de innovación, un 12,6% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizou innovacións tecnolóxicas no período 2013 – 2015, a apenas dúas décimas da media estatal.

GASTO EN INNOVACIÓN


○ gasto en innovación tecnolóxica entre as empresas galegas mantense ao redor dos 461 millóns de euros.

Gráfico 25. N° de empresas Hipersector TIC con actividade innovadora tecnolóxica en Galicia. Evolución 2013-2015.



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015

Gráfico 26. Gasto en innovación tecnolóxica en Galicia. 2013-2015 (miles de euros)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015


GASTO EN INNOVACIÓN

O gasto en innovación no conxunto do Estado no período 2013 - 2015

**medrou un 5,5%,
achegándose aos
14.000 millóns de
euros.**

A nivel do conxunto do Estado o gasto en innovación inverte a tendencia á baixa que tiña mostrado nos últimos anos, achegándose aos 14.000 millóns de euros o gasto realizado no período 2013-2015.

Gráfico 27. Gasto en innovación tecnolóxica en España. 2013-2015 (miles de euros)




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015

TIPO DE INNOVACIÓN

As innovacións en procesos supoñen o principal campo de acción para as innovacións tecnolóxicas das empresas galegas no período 2013-2015.

As innovacións tecnolóxicas máis frecuentemente desenvolvidas polas empresas galegas refírense á innovación de procesos, onde tiveron lugar 730 experiencias empresariais. Considerando as iniciativas innovadoras tecnolóxicas emprendidas polas grandes empresas galegas, tanto as exitosas como as que non culminaron con éxito (empresas EIN), a cifra ascende a 1.168 iniciativas entre os anos 2013 e 2015.

Gráfico 28. Empresas innovadoras tecnolóxicamente segundo tipo de innovación. Galicia (2013-2015).



EIN= Empresas tecnolóxicamente innovadoras no período 2013-2015 ou con innovacións tecnolóxicas en curso ou non exitosas

Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015


Entre as empresas do Hipersector TIC galego que innovaron tecnoloxicamente, a maioría (67) tamén innovou en produto fronte a 38 que o fixeron en proceso, 29 en ambos os dous. O total de empresas EIN no Hipersector TIC galego é de 94.

OBXECTIVOS DA INNOVACIÓN

A maioría dos procesos de innovación das empresas EIN galegas teñen como obxectivo principal a innovación no produto.

Entre as empresas EIN galegas, un 68,8% sinalou como obxectivo prioritario das súas actividades innovadoras a mellora dos seus produtos e un 53,4% a optimización dos seus procesos.

Gráfico 29. Obxectivos das innovacións tecnolóxicas das empresas EIN Galicia (2013-2015.)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2015

Concretando aspectos onde as empresas EIN consideran como obxectivos prioritarios, o 49% sinalou a mellora da calidade dos seus produtos e un 41,8% fai fincapé na importancia da ampliación da súa gama de produtos.


En relación aos procesos, as opinión empresariais apuntan cara a maior capacidade e flexibilidade na produción.

GASTOS INTERNOS EN I+D

**As empresas galegas
adicaron case 500
millóns de euros á I+D
no ano 2015, o 0,89%
do PIB da
Comunidade.**

O investimento en I+D no 2015 por parte das empresas galegas ascendeu a máis de 496 millóns de euros. Isto representa o 3,8% do total estatal, incrementándose progresivamente nos últimos dous anos.

Gráfico 30. Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2015.

□ Variación

Galicia é a sétima Comunidade Autónoma que realiza un maior esforzo en gasto de I+D, que representa o 0,89% do seu PIB


GASTOS INTERNOS EN I+D NO HIPERSECTOR TIC

**Os gastos internos
en I+D no
Hipersector TIC
galego medraron
significativamente**

nos últimos dous anos.

Os gastos internos en I+D no Hipersector TIC ascenderon a 41 millóns de euros no ano 2014, medrando un 13,1% respecto do ano 2013.


Gráfico 31. Evolución dos gastos internos totais en I+D no Hipersector TIC de Galicia



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2015.

Variación

**Gráfico 32. Contribución aos gastos internos totais en I+D por CCAA.
Ano 2015**



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2015.

Dos máis de trece mil millóns de euros gastados polas empresas españolas en I+D, son as comunidades de Madrid e Cataluña os territorios que máis contribúen aos gastos internos totais. Galicia, con 496 millóns de euros de gasto ocupa a sétima posición no ranking estatal.

Galicia é a sétima comunidade que máis contribúe aos gastos internos totais en I+D do conxunto estatal.


PERSOAL EN I+D

**Galicia é a SEXTA
Comunidade
Autónoma con maior
número de
traballadores/as a
xornada completa
en I+D**

Das duascentas mil persoas que traballan en I+D a xornada completa en España, 9.038 o fan en Galicia.

É a sexta Comunidade Autónoma con maior número de traballadores/as en I+D a xornada completa, se ben o volume de emprego mermou lixeiramente dende o ano 2014.

Gráfico 33. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2012-2015)



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2015.

**Galicia emprega a máis de nove mil traballadores/as en I+D, o 4,5%
do total de traballadores/as en Galicia.**

PERSOAL EN I+D NO HIPERSECTOR TIC DE GALICIA

**O Hipersector TIC
emprega a 836
traballadores
adicionados a I+D,
medrando
continuamente nos
últimos anos.**

**Gráfico 34. Evolución do persoal en I+D no
Hipersector TIC en Galicia (2012-2014).**



Fonte: INE, Estadística de I+D, 2015.

Especificamente no Hipersector TIC traballaban un total de 836 persoas en I+D no ano 2014, amosando un crecemento do 2,3% no emprego respecto do ano anterior.



5. PATENTES E MARCAS

INDICADORES DE I+D

Patentes e marcas son indicadores de **innovación** por amparar as invencións orientadas á mellora industrial.



Patentes e marcas

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “... un dereito exclusivo concedido a una invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, una nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da de que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.

As marcas, pola súa banda, son signos distintivos que permiten diferenciar os produtos dunha empresa fronte á súa competencia e son utilizadas por moitas empresas para identificar produtos ou servizos innovadores que por diversos motivos non se protexen mediante patentes.

PATENTES


No **ano 2016** a Oficina Española de Patentes e Marcas concedeu **204 patentes – 14 relacionadas co Hipersector TIC - e 71 modelos de utilidade – dos que 3 están relacionados co Hipersector TIC- .**

O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As marcas conxuntamente coas patentes de invención e os modelos industriais conforman a propiedade industrial.

No ano 2016 a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 204 patentes – 14 a patentes relacionadas co Hipersector TIC- e 71 modelos de utilidade a entidades galegas, dos que 3 están relacionados co Hipersector TIC.

Gráfico 35. Patentes e Modelos de Utilidade Concedidos a entidades en Galicia. Anos 2012-2016.



NOTA: un mesmo expediente de patente pode estar incluído en diferentes CIP (Clasificación Internacional de Patentes).

Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2012 - 2016

O ano 2015 supuxo un repunte importante na concesión de patentes, dando lugar a 266 novos rexistros.

